

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE AUTORIZA O INCREMENTO TEMPORAL DO NÚMERO DE CORDAS DE ENGORDE EN VIVEIROS DE MEXILLÓN

ANTECEDENTES

1. O día 26.11.2025 reuniuse, con carácter extraordinario, a Comisión do Mexillón para avaliar, entre outras cuestións, as solicitudes de autorización para o incremento do número de cordas de engorde en determinados polígonos, atendendo á situación extraordinaria motivada por biotoxinas e que trae, como consecuencia, o peche da maior parte dos polígonos de bateas tal e como se reflicte no estado de situación das zonas de viveiros flotantes publicadas polo INTECMAR.

2. O día 27.11.2025 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite informe no que se recolle: *"Á vista das solicitudes formuladas, da situación das zonas de produción, e unha vez consultada a Comisión do Mexillón, consonte ó establecido no Decreto 406/1996, do 7 de novembro, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional a colocación de 100 cordas con sacos a maiores das 500 autorizadas ata un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas.*

Todo isto no marco do disposto no Decreto 406/1996, baixo as seguintes condicións:

- 1. As solicitudes deben ser presentadas polas organizacións de produtores de polígonos que permanecen pechados e precisan a medida.*
- 2. A vixencia da autorización rematará como máximo un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas no polígono solicitado.*
- 3. O número de cordas con sacos por batea non pode exceder de 100.*
- 4. As cordas deberán estar claramente identificada mediante una marca de cor verde e como mínimo 30 cm de lonxitude, na súa parte superior.*
- 5. O número de sacos por corda non exceda os 25.*
- 6. Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón".*





3. O día 01.12.2025 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, en consonancia co devandito informe do día 27.11.2025, comunica ao sector o procedemento a seguir para solicitar o incremento temporal do número de cordas de engorde nas bateas de mexillón para o seu estocado en sacos: *"Á vista da situación das zonas de produción, e unha vez consultada a Comisión do Mexillón, consonte ao establecido no artigo 35 do dito Decreto 406/1996, do 7 de novembro, as asociacións de mexilloeiros interesadas poderán solicitar autorización para a incrementar o número de cordas de engorde nas bateas situadas nos polígonos pechados, debendo presentar a solicitude a través do procedemento PR004A. A autorización deberá solicitarse para polígonos completos de bateas de mexillón e por unha organización de produtores cuxo ámbito de actuación se corresponda coa localización dos polígonos para os que se solicita a ampliación do número de cordas de engorde"*.

4. O día 10.12.2025 a Organización de Produtores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) solicita (Rexistro de entrada núm. 2025/3433138) o incremento de 100 cordas de engorde para as bateas de mexillón situadas no polígono H do Distrito de Caramiñal.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón: *"Establécese unha lonxitude máxima do total de corda de engorde para mexillón en batea de 6.000 metros. O número máximo de cordas de engorde será de 500 e a súa lonxitude máxima de 12 metros. (...)*

Cando nun período determinado se presenten de modo persistente e continuado fenómenos medioambientais excepcionais, tales como fortes temporais ou episodios de fitoplancto tóxico, que impidan levar a cabo o ciclo normal de produción ou repercutan gravemente no de comercialización, a delegación territorial dentro do ámbito da súa competencia, poderá autorizar por resolución motivada o incremento do número de cordas de engorde en determinados polígonos con carácter temporal, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa. A autorización cesará nos seus efectos cando fundadamente se estime que desapareceron as especiais condicións determinantes da medida."





Segunda. Con data do 12.12.2025 o INTECMAR publica informe relativo ao estado de situación, para cada unha das toxicidades lexisladas, das zonas de produción de moluscos bivalvos no tocante a viveiros flotantes (Informe núm. SZ000429/25), no que indica que o Polígono H do Distrito de Caramiñal atópase pechado por biotoxinas dende o día 29.10.2025.

Terceira. A Organización de Productores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) solicita o incremento do número de cordas de engorde para un polígono completo de bateas de mexillón (polígono H do Distrito de Caramiñal); sendo esta organización unha das entidades máis representativas do sector mexilloeiro galego polo número de bateas e de persoas asociadas que a integran, tendo como obxecto *"o exercicio da actividade encamiñada á cría, extracción, almacenamento, explotación e comercialización do mexillón"* e, como ámbito territorial, a Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal.

Cuarta. Tendo en conta que o polígono H do Distrito de Caramiñal encóntrase pechado de forma prolongada no tempo, debido a episodios persistentes de fitoplancton tóxico, o que está repercutindo gravemente na comercialización do mexillón, e atendendo ao informe do 27.11.2025 do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, procede autorizar con carácter temporal o incremento do número de cordas de engorde por viveiro flotante.

Quinta. De acordo co artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á directora territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Autorizar, con carácter extraordinario, o incremento temporal de cordas de engorde con sacos respecto ao máximo establecido no artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, nos viveiros flotantes de mexillón situados no polígono H do Distrito de Caramiñal, baixo as seguintes condicións:

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 008
spait.mar.coruna@xunta.gal





Primeira. O número de cordas de engorde con sacos a incrementar por viveiro non poderá exceder de 100.

Segunda. As cordas deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor verde e, como mínimo, 30 cm de lonxitude na súa parte superior.

Terceira. O número de sacos por corda non excederá dos 25.

Cuarta. Cada saco conterá un máximo de 10 kg de mexillón.

Quinta. As persoas concesionarias deberán comunicar á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, da Consellería do Mar, con antelación suficiente, a colocación das cordas a medida que se vaian pendurando, identificando o nome do viveiro e a súa localización, a data de colocación, o número de cordas, a súa lonxitude, así como o número de sacos por corda que se van dispoñer. A comunicación realizarase a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmrmm@xunta.gal.

Sexta. A vixencia desta autorización rematará un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas no polígono H do Distrito de Caramiñal, debendo as persoas concesionarias axustar o número de cordas de engorde ao número máximo de 500 establecido no artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro.

2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas coa indicación de que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

A directora territorial

Documento asinado dixitalmente á marxe

